

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 5 DE DECEMBRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 5 de decembro de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 2 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Rubén Pérez Correa, representante do grupo municipal mixto
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 2, 4, 5a, 6a)
D^a. María Blanco Rodríguez, técnica de Administración xeral (asiste a todos os puntos agás o 2a e 4a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de remodelación do enlace do P.K. 5+000 autoestrada AP-9V (359-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. OBRASCÓN HUARTE LAIN, S.A. (OHL)
2. UTE S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA - CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A. (porcentaxe de participación na UTE 60%-40%, respectivamente)
3. UTE CIVIS GLOBAL, S.L. - GÉVORA CONSTRUCCIONES, S.A. (porcentaxe de participación na UTE 80%-20%, respectivamente)
4. UTE ORECO, S.A. - FERROVIAL AGROMÁN, S.A. (porcentaxe de participación na



- UTE ao 50%)
5. UTE ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A. - NAROM, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
 6. UTE COMSA, S.A.U. - OGMIOS PROYECTO, S.L. (porcentaxe de participación na UTE 65%-35%, respectivamente)
 7. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.
 8. UTE FRANCISCO GÓMEZ- AVINTIA CONSTRUCCIÓN (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
 9. UTE DRAGADOS, S.A. - PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (porcentaxe de participación na UTE 65%-35%, respectivamente)
 10. UTE XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - VÍAS E OBRAS, S.A. (porcentaxe de participación na UTE 40%-60%, respectivamente)
 11. UTE PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. - ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A. - CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. (porcentaxe de participación na UTE 33,34%-33,33%-33,33%, respectivamente)

DRAGADOS, S.A. e VÍAS E OBRAS, S.A. declaran na documentación por eles presentada pertencer ao mesmo grupo de empresas.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Reparacións de filtracións no teito da planta baixa da área de tributos e renovación de máquina de climatización” (275-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A “*Documentación persoal*”, tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. PRACE
 2. ORECO, S.A.
 3. IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS S.L.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de remodelación do enlace do P.K. 5+000 autoestrada AP-9V (359-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 18:15	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE43-EEEE5C-53365B-Z3WKKY-XM5DVL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



“Reparacións de filtracións no teito da planta baixa da área de tributos e renovación de máquina de climatización” (275-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B *“Proposición avaliable mediante xuízo de valor”* dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria (326-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado polo comité de expertos formado polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal, o xefe da oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal e a xefa da Inspección de Tributos o 29 de novembro de 2019 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”* que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto mixto para a contratación de servizos e subministros dun sistema de xestión de rutas, puntos de interese e exposicións interactivas, mediante o uso de Beacons e a súa integración coa APP Vigo municipal e a plataforma Smart City VCI+2.0 (8.886-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado polo técnico responsable de Modernización e Innovación Tecnolóxica e o xefe do Servizo de Administración Electrónica o 4 de decembro de 2019 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*. A Mesa acepta, por unanimidade o anterior informe e acorda excluír a HOP UBIQUITOUS, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación previsto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria (326-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 18:15	Páxina 3 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE43-EEEE5C-53365B-Z3WKKY-XM5DVL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (I+P)	116.744,38
2	UTE ELETRENTAYUNO PREVENLAB S.L.U. e ALAUDA INGENIERÍA, S.A.	87.725,06
3	TEPRIL, S.L.	114.876,19
4	CÍES ATLANTICO, S.L.U.	103.588,62

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste á apertura D. Francisco A. García Liste, con DNI **.69.00*, en representación de IMASP, S.L. A acta de asistencia asinada figura no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto mixto para a contratación de servizos e subministros dun sistema de xestión de rutas, puntos de interese e exposicións interactivas, mediante o uso de Beacons e a súa integración coa APP Vigo municipal e a plataforma Smart City VCI+2.0 (8.886-113)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Importe do mantemento anual do sistema	Mellora do prazo de garantía	Incorporación dos seguintes pilotos ao proxecto
1	TELFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.	75.788,65	0	2	si

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste á apertura D. Alejandro Carrillo Torres, con DNI **.45.07*, en representación de TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A. A acta de asistencia asinada figura no correspondente expediente.

En aplicación do previsto na cláusula 16.3 do PCAP ("As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula"), outórgase ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 18:15	Páxina 4 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE43-EEEE5C-53365B-Z3WKKY-XM5DVL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Redución do prezo	Importe do mantemento anual do sistema	Mellora do prazo de garantía	Incorporación dos seguintes pilotos ao proxecto	Total
1	TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.	35 puntos	2 puntos	6 puntos	8 puntos	51 puntos

Tendo en conta a puntuación acadada por TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A. pola súa proposición avaliable mediante xuízo de valor (24 puntos), a puntuación total obtida por este licitador son 75 puntos, polo que procede formular a seguinte proposta de clasificación:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:

- Sesión do 21 de novembro de 2019: exclúese a VODAFONE ESPAÑA, S.A. polo motivo recollido na cláusula 14.2B do PCAP “A falta de presentación dos documentos esixidos no apartado 6.A da FEC”.
- Sesión do 5 de decembro de 2019: exclúese a HOP UBIQUITOUS, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación previsto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación de servizos e subministrados dun sistema de xestión de rutas, puntos de interese e exposicións interactivas, mediante o uso de Beacons e a súa integración coa APP Vigo municipal e a plataforma Smart City VCI+2.0 (8.886-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.	75 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades



dependentes (102.724-140) (lotes 2 e 3)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (102.724-140)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 17 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar o expediente de contratación (102724/140) por procedemento aberto dos “Servizos de colaboración coa Intervención Xeral Municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes previstas no Plan Anual de Auditorías e Control Financeiro correspondente ao exercicio 2019”.

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares de data 3 de xuño de 2019 e o prego de cláusulas administrativas particulares de data 25 de setembro de 2019 que rexerán a contratación dos “Servizos de colaboración coa Intervención Xeral Municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes previstas no Plan Anual de Auditorías e Control Financeiro correspondente ao exercicio 2019”.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 66.832,20 € (IVE incluído), necesario para a execución do contrato de “Servizos de colaboración coa Intervención Xeral Municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes previstas no Plan Anual de Auditorías e Control Financeiro correspondente ao exercicio 2019”, con cargo á aplicación orzamentaria 9310.2270600 “Elaboración de auditorías”, conforme a seguinte distribución por anualidades:

- Ano 2019: 17.520,00
- Ano 2020: 49.312,20



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 18:15	Páxina 6 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE43-EEEEF5C-53365B-Z3WKKY-XM5DVL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4º.- *Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida*”.

Segundo.- O 15 de novembro de 2019 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“Declarar desertos os lotes 1 “Control financeiro posterior de ingresos municipais” e 4 “Auditoría de contas Xerencia de Urbanismo” do procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (102.724-140) por non terse presentado ningunha proposición”.

Terceiro.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 22 de novembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 2 “Control financeiro de subvencións” e 3 “Auditoría fundacións” do procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (102.724-140) na seguinte orde descendente:

- Lote 2 “Control financeiro de subvencións”:

	Licitador	Puntuación total
1	BM NEIRA AUDITORES, S.L.P.	88 puntos

- Lote 3 “Auditoría fundacións”:

	Licitador	Puntuación total
1	BM NEIRA AUDITORES, S.L.P.	90 puntos

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, BM NEIRA AUDITORES, S.L.P. con CIF B-32.468.647, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditarse a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-.*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Cuarto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, BM NEIRA



AUDITORES, S.L.P., o día 25 de novembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 29 de novembro, dentro do prazo concedido.

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de decembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar BM NEIRA AUDITORES, S.L.P., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BM NEIRA AUDITORES, S.L.P., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 13 de novembro de 2019 e co acordo adoptado pola Mesa de Contratación no que se outorga a máxima puntuación na proposición avaliable mediante fórmula por ser o único licitador presentado e admitido do 21 de novembro de 2019.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a BM NEIRA AUDITORES, S.L.P., con B-32.468.647 o lote 2 “Control financeiro de subvencións” o procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (102.724-140) coas seguintes condicións:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 18:15	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE43-EEEEF5C-53365B-Z3WKKY-XM5DVL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



1. O prezo total do lote é de 10.164,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.764,00 euros.
2. Declara que o persoal destinado directamente á prestación do servizo deste lote ten realizado nos últimos 5 anos 269 horas de formación específica nalgunha das seguintes materias:
 - Normativa reguladora das subvenciones.
 - Normativa reguladora da contratación administrativa.
 - Normativa en materia de Facendas Locais, réxime financeiro e orzamentario, contabilidade pública local ou tesourería.
 - Normativa en materia de control interno das AAPP, control financeiro e/ou auditoría do sector público.
 - Normativa reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
 - Normativa aplicable en materia de persoal ao servizo das Administracións Públicas.
 - Normativa reguladora da xestión patrimonial das Administracións Públicas.

Axudicar a BM NEIRA AUDITORES, S.L.P., con B-32.468.647 o lote 3 "Auditoría fundacións" o procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (102.724-140) coas seguintes condicións:

1. O prezo total do lote é de 11.374,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 1.974,00 euros.
2. Declara que o persoal destinado directamente á prestación do servizo deste lote ten realizado nos últimos 5 anos 232 horas de formación específica nalgunha das seguintes materias:
 - Normativa reguladora das subvenciones.
 - Normativa reguladora da contratación administrativa.
 - Normativa en materia de Facendas Locais, réxime financeiro e orzamentario, contabilidade pública local ou tesourería.
 - Normativa en materia de control interno das AAPP, control financeiro e/ou auditoría do sector público.
 - Normativa reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
 - Normativa aplicable en materia de persoal ao servizo das Administracións Públicas.
 - Normativa reguladora da xestión patrimonial das Administracións Públicas.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas".

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ao Concello de Vigo e aos seus organismos autónomos (6.342-241)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 18:15	Páxina 9 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE43-EEEEF5C-53365B-Z3WKKY-XM5DVL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria comunica aos membros da Mesa que con data 25 de novembro de 2019 se notificou a resolución de clasificación deste procedemento e se requiriu a correspondente documentación a BORRÁS-VÁZQUEZ-CAMESELLE ARTAI, Correduría de Seguros S.A. O citado licitador presentou a documentación o 2 de decembro de 2019. Despois de revisada pola Mesa de Contratación esta acorda, por unanimidade:

- Conceder un prazo de tres días a BORRÁS-VÁZQUEZ-CAMESELLE ARTAI, Correduría de Seguros S.A. para que poida emendar a acreditación da solvencia económica de acordo co esixido na cláusula 7.4.3º do PCAP (“*Copia da póliza do seguro de riscos profesionais por un importe mínimo de 1.500.000 de euros por sinistro e de 2.000.000 € para todos os sinistros correspondentes a un determinado ano*”). Na documentación achegada polo licitador indícase como límite de indemnización do período 3.000.000 euros, pero non se recolle o importe mínimo de 1.500.000 euros por sinistro.

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.299-341) (resolución nº 259/2019 do TACGAL)

Dáse conta da resolución nº 259/2019, do 20 de novembro de 2019, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales pola que se inadmite o recurso interposto por EULEN, S.A. contra os pregos e a resolución de clasificación do 22d e outubro de 2019. A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 29 de novembro de 2019.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 14:28 horas, logo dun receso de 02:25 minutos por problemas técnicos na aplicación de licitación electrónica. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 18:15	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE43-EEEEF5C-53365B-Z3WKKY-XM5DVL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		